

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 30 de agosto de 2024**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día trinta de agosto do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente a Viceinterventora, *Susana Escaloni Varela*.

Non asiste a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34164.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 23 de agosto de 2024.

2.34165.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA PLANTA 2ª DE CASA CONSISTORIAL PARA AULAS DE FORMACIÓN E ACTIVIDADES”.  
(Expte.2024021647)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



- Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021269, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *concello de Mondariz-Balneario* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 96.796,44 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Acondicionamento da planta 2ª de Casa Consistorial para aulas de formación e actividades*”, en base a un orzamento de execución de contrata polo importe de 138.444,87 €. O importe restante ata completar o orzamento será co-financiado con fondos propios, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan+Provincia 2024	Fondos propios
138.444,87 €	96.796,44 €	41.648,43 €

- En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
  - O *Concello*, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso do importe non empregado na Liña 1 á Liña 2 para actuacións que teñen carácter financeiramente sostibles e que non incrementan o gasto corrente.
  - Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do ben sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
  - Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
- Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. A devandita autorización e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 23/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/08/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/08/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mondariz-Balneario* CIF P3603100C a cantidade polo importe de 96.796,44 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Acondicionamento da planta 2ª de Casa Consistorial para aulas de formación e actividades*”, en base a un orzamento de execución de contrata polo importe de 138.444,87 €. O importe restante ata completar o orzamento será co-financiado con fondos propios, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Fondos propios do Concello
138.447,87 €	96.796,44 €	41.648,43 €

O orzamento contempla 10.406,00 € de honorarios técnicos (redacción do proxecto (6.243,60 €), dirección de obra (3.121,80 €) e coordinación de seguridade e saúde (1.040,60 €), IVE incluído).

- A presente concesión queda condicionada a obtención da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, sendo imprescindible que o *Concello* a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mondariz-Balneario*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.34166.- REPARTO DE AXUDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2024 (Expte. 2024002958)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 21 de xuño de 2024, número de acordo 2.33937, aprobou as Bases Reguladoras das axudas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para investimentos durante o exercicio 2024, cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€), e publicadas no BOPPO número 125 do 27 de xuño de 2024.

A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función de que o gasto das solicitudes sexa subvencionable, previa fiscalización do Servizo de Intervención, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente.

Unha vez finalizado o prazo de solicitudes, e de acordo con estas bases, con código seguro de verificación (CSV): 6YH6KWPLVPGS4IYO, formuláronse catorce (14) solicitudes.

De acordo cos criterios de valoración establecidos na base *décimo segunda*, procedeuse a valorar todas as solicitudes, tendo en conta os límites sinalados na mesma base. Unha vez feita a valoración e aplicado o algoritmo da plataforma de subvencións facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías, obtense unha proposta de reparto que queda tal e como figura no listado que se achega a este informe, con CSV UKQO5D0LM2CO7OLQ, resultando o importe total a repartir de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €) con cargo á aplicación 24/410.4120.789.00.

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 20/08/2024, de Intervención do 23/08/2024, a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para investimentos durante o exercicio 2024, por importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €) con cargo á aplicación 24/410.4120.789.00 do vixente Orzamento Provincial, onde dita cantidade resulta da relación que se achega na proposta de acordo con CSV UKQO5D0LM2CO7OLQ que se aproba no presente acto.

4.34167.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2024057088)

Vista a relación de facturas con número 2024057088, que contén 5 facturas e por un importe de 7.946,81 € e con CSV: 6S1PP324Y19I6Q8Z, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/08/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	7.946,81 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	7.946,81 €

5.34168.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2024057082)

Vista a relación de facturas con número 2024057082, que contén 1 factura e por un importe de 378,22 € e con CSV: P9DNKSNYJMG83M23, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/08/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	378,22 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	378,22 €



6.34169.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN CONCIENCIA GALICIA DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS” ANO 2024 E CONCESIÓN DA SÚA PRAZA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN JUAN DE DORRÓN (Expte.2023075714)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoiem o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 30 de xaneiro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2024 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 22 de 31 de xaneiro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2024. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 31 solicitudes e a exclusión de 32 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación Conciencia Galicia (Expediente 2024011022) presenta renuncia ao curso de plantas medicinais, dado que non contan con dispoñibilidade horaria para levalo a cabo.

Resultando que existe lista de agarda para a participación no Programa + XUNTAS 2024, sendo a Asociación de veciños San Juan de Dorrón (Sanxenxo), con CIF G36148534, a situada de primeira na lista de agarda.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2024, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada da renuncia presentada pola *Asociación Conciencia Galicia* (CIF: G06814198) e nº de expediente 2024011022.
2. Adxudicar á *Asociación de veciños San Juan de Dorrón (Sanxenxo)*(CIF G36148534) e nº de expediente 2024014349, a concesión dunha acción formativa do programa +XUNTAS 2024.

7.34170.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 1 DA OBRA DE EMERXENCIA PARA A “REPARACIÓN DE MURO DE SOSTEMENTO NA EP-2902 ACCESO Á PENEDA, NO P.Q. 0+200 NO CONCELLO DE REDONDELA”, POLO PROCEDIMENTO DE VALIDACIÓN DO GASTO. (Expte.2024031328)

Por Resolución Presidencial RP2024004294 de data 24 de maio do 2024 adxudícase á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429) o procedemento de emerxencia da obra “*Reparación de muro de sostemento na EP-2902 Acceso á Peneda, no P.Q. 0+200 (Concello de Redondela)*”, por un importe de 28.000 €, IVE incluído, estimándose un prazo de execución de DOUS (2) MESES.

No Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2024, deuse conta da resolución citada no parágrafo anterior, declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra citada.

En data 25 de xuño do 2024 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración (WEB2024042152) a Certificación núm. 1 e única da obra de emerxencia polo período comprendido entre o 25 de maio e o 21 de xuño do 2024, por importe de 51.290,42 €.

A directora da obra, en data 4 de xullo do 2024, emite un informe-memoria explicativa da obra considerando xustificada esta e informando favorablemente a súa tramitación e o pago da certificación emitida. Neste informe fai constar o seguinte:

*“Debido á tipoloxía das obras non foi posible a elaboración dun presuposto certo, non sendo posible definir con precisión as unidades e as medicións da actuación, polo descoñecemento das características xeotécnicas do terreo a escavar e os danos reais no terraplén e no firme da estrada ata que se comezasen os traballos de escavación.*

*Previo ao inicio dos traballos de desmonte procedeuse a sinalizar a zona afectada polo risco de derrube e a suxeición provisional do talude e da plataforma viaria para poder realizar as obras de escavación na cimentación e contención coa seguridade precisa mentres se mantiña o tráfico regulado por semáforos. Logo, procedeuse ó saneo e escavación localizada do talude.*





*Posteriormente executouse un muro de contención para soste definitivamente o tramo derribado, traballos de limpeza e reposición da drenaxe lonxitudinal e transversal, así como a reposición do peche afectado pola execución de ditas obras.*

*Para estas unidades de obra empregáronse os prezos unitarios que habitualmente se utilizan nesta Administración para este tipo de obras.*

*Todo elo valorado segundo os prezos usuais para este tipo de obras, ascende á cantidade de 35.620,820 € (P.E.M.), que unha vez incrementado no 13% de gastos xerais, no 6% de beneficio industrial e no 21% de IVE, supón un importe total de certificación de 51.290,42 €.*

*Á vista do anteriormente exposto, esta dirección facultativa considera xustificada a obra realizada e informa favorablemente a tramitación e o pago da presente certificación”.*

Para estas unidades de obra empregáronse os prezos unitarios que habitualmente se utilizan nesta Administración para este tipo de obras.

Con data 19 de xullo do 2024 recíbese a obra e esténdese acta de recepción favorable con observacións e solicítase ao Servizo de Intervención a fiscalización da certificación emitida.

En data 20 de agosto do 2024, o Servizo de Intervención informa que “*dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación seguindo o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno*”. Así mesmo fai constar as seguintes observacións no seu informe:

*“O importe da presente certificación ascende a un total de 51.290,42 € (IVE incluído), o que supón un incremento respecto do importe total do gasto autorizado para este contrato de 23.290,42 €. Resultando un aumento dun 83,18 %, sen que conste, ademais, informe técnico xustificativo do mesmo.*

*A certificación expídese con data 24 de xuño de 2024 e comprende a obra executada no período comprendido entre o 24 de maio de 2024 e o 21 de xuño de 2024, data da súa finalización. Debe terse en conta que segundo o disposto no artigo 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a expedición das certificacións debe realizarse mensualmente e nos primeiros dez (10) días seguintes ao mes que correspondan.*

*Respecto da comprobación material do investimento, consta na acta de recepción a seguinte observación por parte do representante da Intervención: “Na documentación que xustificou e motivou a contratación non se atopa un orzamento desagregado nin prescricións exactas que han de cumprir as unidades de obra, polo que non é posible a comprobación de cumprimento algún”.*

*A pesar da dificultade o imposibilidade de redactar un proxecto con carácter previo ao inicio da execución das obras de emerxencia, xunto co informe xustificativo da necesidade da súa contratación, debería achegarse, como mínimo, unha memoria ou documento técnico que defina coa máxima precisión posible as necesidades da emerxencia a satisfacer, cunha estimación das partidas e do número de unidades a executar, a súa valoración aproximada e o orzamento total estimado.*



*As actuacións pertinentes dende o coñecemento dos danos que ocasionaron a obra de emerxencia deberían facerse con maior axilidade, xa que este tipo de obras requiren unha actuación inmediata para evitar posibles riscos.”*

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ao Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento do exercicio 2022, concretamente na base 17, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Aprobar a certificación núm. 1 (única), autorizar o compromiso de gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita a continuación e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL B36147429	24/456.4530.612.01.2023	51.290,42 €
Descontos: Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)		1.424,83 €
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		49.865,59 €

8.34171.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 20 DE AGOSTO DE 2024 (Nº 10.34143), RELATIVO Á “ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO PATROCINIO PUBLICITARIO, POR PARTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DA SAÍDA E CHEGADA DA ETAPA 10ª DA VOLTA CICLISTA 2024”. (Expte.2024035051)

Visto o erro padecido no acordo nº 10.34143 adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 20/08/2024, relativo á adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do “Patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 10ª da Volta Ciclista 2024” (Nº expte. 2024035051).

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

O prazo de duración do contrato será de 4 meses...

(...)

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/433.4320.226.23	140.000,00 €

DEBE DECIR:

(...)

O prazo de duración máximo do contrato será de 4 meses...

(...)

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/433.4320.226.20	140.000,00 €

9.34172.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

10.34173.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

11.34174.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

